

# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E NOVO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS

No salón de plenos do concello de Cerdido, vinte horas do serán do día vinte e nove de xuño de dous mil dezaseis réunense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro.

**1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 31.05.2016.** Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes a acta anterior.

**2.- Modificación do Inventario de bens do Concello para incorporar as melloras dos bens realizados ao abeiro do proxecto de obra:** Mellora de Instalación deportivas e educativas municipais. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante a necesidade de incorporar o inventario de bens do concello as melloras realizadas no proxecto de obra: Mellora de instalacións deportivas e educativas, subvencionado por un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña, para poder cumprir coa clausura do convenio e enviar a documentación final do convenio, esta Alcaldía propón o pleno a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO:** Rectificar o inventario de bens do concello de Cerdido, procedendo a incorporar as variacións dos seguintes bens xa inscritos:


### Inmóbles:

Nº ORDEN	NOMBRE	VARIACION	IMPORTE
16	Campo de fútbol	Construción de grada, cambio de iluminación LED, cambio de caldeira e depósito de gasóleo nunha nova ubicación, instalación de rede /peche	55.828,92 €
05	Polideportivo municipal	Cambio de pavimento, tipo Glaboflex	32.466,05 €

**SEGUNDO:** Incorporar no inventario de bens do concello de Cerdido un novo ben

Nome	Identificación Referencia catastral / Rexistro Propiedade	Importe	Superficie	Acordo, Recepción da obra	C X.
Parque infantil xunto ao CEIP A Barqueira	001500500NJ8 2G0001FE	30.285,03	160 m <sup>2</sup>	Decreto 44/2016 do 15.03.2016  Acta de recepción 25/05/2016	Dominio Público de uso local
Lindeiros:	Norte: Muro peche formigón CEIP, Sur Herba natural. Este Pavimento asfaltado. Oeste herba natural, Linda con parcela municipal				

Dado que se trata de bens mellorados ou incorporados ao inventario ao abeiro dunha subvención da Deputación da Coruña, estes bens estarán afectos a unha finalidade pública para a que foi



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

concedida a subvención , polo menos polo prazo de cinco anos .Cerdido , 16 de xuño de 2015.O alcalde .Benigno Galego Castro . **Os membros do pleno aprobaron por unanimidade a proposta anterior**

**3.- Aprobación da Conta xeral do exercicio 2015. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:** Unha vez tramitado o expediente da Conta Xeral de 2015 , informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día vinte e nove de abril de 2016 e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do 10.05.2016 , e considerando aplicable a seguinte lexislación : 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , cómpre someter ó pleno a seguinte proposta:**Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral de 2015 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance , conta de resultado económico patrimonial , estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta , as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias ,**Segundo.-** Remitirle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia . Cerdido , 23 de xuño de 2016 .O alcalde. Benigno Galego Castro .**Os membros do pleno aprobaron por unanimidade a proposta anterior**


## Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

### 4.-Dar conta das resolucións da alcaldía .

Núm.	Data	Descrición
<b>Abril 2016</b>		
68	25/04/2016	Nomeamento da empresa encargada do servizo de recollida de papel-cartón
69	25/04/2016	Convocatoria da comisión especial de contas para o día 29/04/2016
70	28/04/2016	Solicitar como novo obxecto da subvención de promoción económica da deputación o subministro de 30 suxeicións para colectores de lixo
71	28/04/2016	Expediente de modificación de crédito número 02/15
<b>Maiο 2016</b>		
72	02/05/2016	Contratación da empresa ACTIFICOM SL para realizar as labores de socorrismo na piscina municipal
73	03/05/2016	Autorización de festas de santa Lucía en Mestas, Os Casás
74	03/05/2016	Contratación da empresa Laboratorio Néboa SL para realizar os análises de auga na piscina municipal
75	03/05/2016	Autorizar o lanzamento de foguetes para as festas dos Casás 2016
76	04/05/2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 407 á nº 428
77	05/05/2016	Aprobación dos recibos do SAF correspondentes ao mes de abril de 2016



# Concello de Cerdido (A Coruña)



As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

78	06/05/2016	Aprobar a realización dunha bolsa de traballo para realizar contratación de axuda no fogar
79	09/05/2016	Delegar a solicitude de petición da subvención para o fomento do cooperativismo ó Concello de Ortigueira
80	09/05/2016	Suspender o procedemento de licitación da obra Estrada a O Porto -A Barqueira motivado pola existencia de erros no proxecto técnico
81	09/05/2016	Autorización para pechar unha vía municipal ó tráfico rodado para corta forestal na pista que vai dende Travesas a Abelleira por Pereiros.
82	11/05/2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 3, Cerdido
83	12/05/2016	Autorización a Moto Club Fojeteiros de Narón, a usar a pista polideportiva e o merendeiro do Castro o sábado 4/6/2016
84	13/05/2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 429 á nº 506
85	13/05/2016	Adherirse ao Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o 2016
86	13/05/2016	Aprobar o anexo II das bases para a creación dunha bolsa de contratación de auxiliar de axuda no fogar
87	15/05/2016	Licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a María Concepción Hermida Fernández
88	16/05/2016	Inscribir no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos número 2/2016
89	19/05/2016	Declarar desistida a solicitude de licenza municipal para construción de vivenda unifamiliar en A Riba de Abaixo - Os Casás a Leopoldo Bermúdez Nogueira (exp. 2013/U008/000005) e proceder o arquivo do expediente
90	19/05/2016	Ampliar o prazo para pechar unha vía municipal ó tráfico rodado para corta forestal na pista que vai dende Travesas a Abelleira por Pereiros.
91	20/05/2016	Expediente de modificación de créditos 3/2016
92	20/05/2016	Autorizar o uso do camión para a recollida de lixo municipal ao concello de Ortigueira o día 21/02/2016
93	23/05/2016	Autorizar a Ana Teresa Santalla López para usar o local da cafetería do Castro o día 28/05/2016, para levar a cabo unha xuntanza de aniversario infantil.
94	25/05/2016	Contratación da empresa Senes Cit SL para a formación, teórica e practica do curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
95	25/05/2016	Autorizar á Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus, para usar un local da Casa da Cultura o día 15/06/2016 para celebrar unha charla informativa sobre nutrición
96	26/05/2016	Convocatoria de Pleno extraordinario o día 31/05/2016
97	27/05/2016	Expediente de modificación de créditos 4/2016
98	27/05/2016	Inicio do procedemento de contratación de persoal temporal dun peón, subvención para a contratación de persoal perceptores de RISGA
99	31/05/2016	Cantidades asignadas as entidades municipais que teñen unha subvención nominativa nas bases de execución do presuposto municipal para o ano 2016
<b>Xuño 2016</b>		
100	03/06/2016	Contrato de peón, temporal de interese social para beneficiarios do RISGA
101	03/06/2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 7 – A Barqueira



## Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
102	06/06/2016	Aprobación dos recibos do SAF correspondentes ao mes de maio de 2016
103	06/06/2016	devolución do aval numero 560-386-000145-1-160 de Caixa Galicia para a execución do contrato de asesoramento técnico urbanístico
104	06/06/2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 507 á nº 571
105	06/06/2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 3 - Cerdido
106	07/06/2016	Autorizar as Festas da Barqueira os días 10, 11 e 12 de xuño de 2016
107	07/06/2016	Autorizar o lanzamento de foguetes para as festas da Barqueira 2016
108	07/06/2016	Autorizar o peche dunha vía municipal polas Festas da Barqueira os días 10, 11 e 12 de xuño de 2016
109	08/06/2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 12 - A Barqueira
110	09/06/2016	Certificación núm. 3 e final da obra mellora en instalacións deportivas e educativas municipais
111	09/06/2016	Declaración de obras non autorizadas solicitadas por Horticina SA
112	14/06/2016	Contratación de Industrias de elevación S.A. para o servizo de mantemento do ascensor
113	14/06/2016	Contratación de Xardín Senra, S.L. para a obra de rexeneración do campo de fútbol
114	15/06/2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 28 - Cerdido
115	20/06/2016	aprobar a proposta de orde da Bolsa de constatación de persoal para o servizo de axuda no fogar,
116	21/06/2016	Solicitude dunha subvención nominativa a Deputación Provincial da Coruña para a obra Camiño Rego da Madeira -Limite concello ( Os Casás ) e outros
117	22/06/2016	Conceder as autorizacións solicitadas para realizar as luminarias de San Xoán e San Pedro os días 23 e 28 de xuño de 2015
118	22/06/2016	Convocatoria de Pleno ordinario o día 29.06.2016

**A Concelleira Ana Rodríguez Montero** , solicita que se aclare o contido dos seguintes Decretos :


Núm. 68 sobre o novo contrato de recollida de papel . O alcalde explica que se trata dunha empresa chamada Invare e o realiza sen custo para o Concello

Núm.110 sobre se xa acabaron as obras de mellora do polideportivo . O alcalde explica que falta por instalar un taboleiro

Núm.111 que obras non se autorizaron a Horticina , O alcalde explica que non o sabe pero cree que foi por non remitir a documentación requirida

O Concelleiro José **Esmoris Aldao** solicita que se aclare o contido dos seguintes Decretos

Núm. 113 a contratación do rexenerado do campo de fútbol , cal foi o prezo. O concelleiro David Prada Aneiros , contesta que algo mais de 10.000,00 euros e que se vai a realizar un taqueado , resembrado e rexeneración do céspede e que a empresa ten que facelo antes do 15 de agosto .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### Mocións de urxencia .

O **alcalde** explica que se presenta unha moción para aprobar o Modificado II da obra incluída no POS 2016 , xa que tras detectar uns erros técnicos no proxecto , houbo que realizar un modificado e que a urxencia é para non retrasar mais a contratación da obra . **Os membros do Pleno por unanimidade decidiron incluír este asunto na orde do día do Pleno .**

### **Modificado II do proxecto Carretera O Porto - A Barqueira e outros incluído no POS 2016.**


Despois do acordo do Pleno do Concello de Cerdido, reunido o día 17.12.2015 no que se aproba o Plan de obras e servizos 2016, introducíronse unhas modificacións técnicas suxeridas polos servizos técnicos da Deputación , aprobando así o Modificado I do proxecto de obra: Carretera O Porto - A Barqueira, por Decreto da Alcaldía 20/2016 . Comunicado pola Deputación a inclusión da obra no POS 2016 , procedeuse a licitación desta, pero no período de presentación de ofertas detectouse un erro no presuposto que ante a necesidade de que os licitadores puideran dispoñer dunha información veraz e correcta do documento técnico , que posibilite a liberdade de acceso ás licitacións, así como en base o principios de publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, acordouse suspender o procedemento de licitación. Tras os traballos técnicos de reaxustes de presupostos que se relatan no informe técnico asinado polo redactor do proxecto Pedro López Fraga do día 28.06.2016 e, unha vez emendados estes erros esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** : Aprobar o Modificado II do proxecto :Estrada O Porto – A Barqueira e outros que emenda os erros técnicos detectados e sinalados no informe técnico que acompaña o proxecto de obra . Esta modificación non altera o presuposto da obra , polo que non ten repercusión económica. **Os membros do Pleno por maioría dos presentes prestaron aprobación a proposta anterior** . Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do Sr. Alcalde e catro abstencións dos concelleiros , Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

O alcalde explica que o erro mais grave foi confundir metros cadrados con toneladas , polo que houbo que facer un axuste en todas as partidas , reducindo o tramo de aglomerado

### 5.- Rogos e Preguntas

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** realiza as seguintes preguntas e rogos a Alcaldía

1.-Acabase de realizar unha bolsa de emprego para contratar a auxiliares de axuda no fogar , no caso de que se aumente a achega da xunta , realizárase unha contratación de persoal ou a través da empresa



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O alcalde explica que a empresa contratouse para facer o traballo en sábados, domingos e festivos e que o resto dos días realizase con persoal propio e anuncia que non ten comunicación oficial de que a achega da Xunta vaia aumentar e en todo caso a Bolsa de emprego era necesaria porque a existente estaba obsoleta e a pouca xente que había estaba case toda traballando

2.-Que empresa realiza o mantemento do ascensor ?

O alcalde explica que a empresa é a mesma, pero agora con contrato e cunha rebaixa no prezo en 122 €/ ao trimestre .

3.- As pistas están sen desbrozar, sábese algo da subvención para adquirir unha nova desbrozadora

O alcalde explica que comunicáronos que non nos daban subvención ningunha .

4.-En canto as obras no campo de fútbol, a caseta esta sen recebar ? Pode quedar así?, En canto a a obra, haberá que esperar ao inverno para saber se se mete a auga dada a altura do tellado

O alcalde explica que non pode quedar sen recebar e en relación a grada, realizouse o que ven no proxecto unicamente se cambiou a estrutura que antes era de aceiro e madeira e agora e de formigón a demais incrementouse o peche exterior que antes viña moi baixo ,.


**O Concelleiro Juan Ramos Prieto** realiza as seguintes preguntas e rogos

1.- En relación ao campo de fútbol, na tribuna existen uns buratos cerca das columnas que poden ser perigosos para os nenos e en canto a rede esta anclada con grapas de plásticos que non van a durar este inverno e aconsella cambialas por grapas metálicas, moito mais duradeiras .

O concelleiro **José Esmoris Aldao**, realiza as seguintes preguntas a Alcaldía .

Canto tempo garantiza Xardín Senra as obras do campo de fútbol, xa que en obras anteriores, cree que o garantizaba por dous anos sempre que fixeramos un mantemento e un uso que eles determinaban .

E se se están deixando sen regar o campo ? E entende que con o uso que ten o campo deberíamos ter un campo de herba artificial



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**O alcalde** responde que o descoñece o tempo de garantía pero que é necesario realizar estas obras dado que o campo non drena ben , a día de hoxe non se rega nin se fai mantemento ningún. O campo de herba artificial esta solicitado a Deputación , como podía estar solicitado antes . E pregunta se nas obras anteriores do campo de fútbol tamén Xenra deu unha garantía , garantía que se perdeu nas obras da piscina por non renovar as obras feitas fai un ano .

E , no habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xuño de 2016. Do que eu como secretaria dou fe

O Alcalde

Benigno Galego Castro

A Secretaria

Paula Díaz Tie